



COSTA DAS ILLAS CÍES


Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: km (ida e volta)
Dificultade:



- 1-Peirao do Almacén. Area de Camariñas. Area Pequena.
- 2- Punta Muxieiro. Area e Areíña de Muxieiro.
- 3-Area e Laxes dos Freixeiros.
- 4-Area das Figueiras
- 5-Furna das Lontras
- 6-Costa do Bufardo
- 7-Punta do Ferreiro.
Praia das Margaridas.
- 8-Costa da Cantareira
- 9-Furna de Monteagudo.
Punta do Peito e faro.
- 10-Cabezo do Vapor.
Furna de Marín.
- 11-Punta Escudelo
- 12-Punta do Cabalo do Norte
- 13-Enseada do Balcón
- 14-Enseada e punta da Percha
- 15-Enseada da Valgada.
Punta Chancenlos.
- 16-Enseada de Chancenlos
- 17-Punta do Príncipe de Avante.
Miradoiro do Alto do Príncipe.
- 18-Enseada do Lago. Boca do Lago.
- 19-Illote Pinela de Carabelos
- 20- Punta Fornaca das Bogas.
Enseada das Herbas.
- 21-Enseada do Sino
- 22-Furna do Inferno
- 23-Punta do Ruzo
- 24-Punta do Príncipe
- 25-Faro de Cíes
- 26-Punta Canaval e faro da Porta.
- 27-Punta de Carnacido
- 28-Peirao de Carnacido
- 29-Area da Nosa Señora.
Illa dos Viños. Praia dos Bolos.
- 30-Punta das Vellas
- 31-Area das Rodas. Lagoa dos Nenos.
- ILLA DE SAN MARTIÑO
- 32-Punta Pau da Bandeira
- 33-Punta Galera
- 34-Enseada e furna dos Gavotos
- 35-Punta do Pé de Cabra
- 36-Punta do Cabaliño
- 37-Enseada do Limpiño
e punta da Pinela
- 38-Enseada dos Lumbrigantes
- 39-Cabo dos Bicos e faro.
- 40-Os Fornos. Peirao dos Fornos.
- 41-Punta Xesteira
- 42-Punta e furna da Xestosa
- 43-Laxes de San Martiño.
Peirao do Almacén.
- 44-Area de San Martiño



Arquipélago situado na boca da ría de Vigo formado polas illas do Medio ou do Faro, Monteagudo, San Martiño e varios illotes: Agoreira ou Boeiro, Penela dos Viños, Carabelos, Ruza ...

As costas occidentais das tres illas son cantís abruptos batidos polos temporais do Atlántico e as orientais ladeiras suaves con areais e sistemas de dunas. A altitude máxima atópase na illa Norte ou Monteagudo (Alto Cíes, con 186 m).

Teñen un grande interese xeolóxico, paisaxístico e biolóxico. A insularidade, a pesar da súa proximidade á costa, e as variacións ambientais permitiron o asentamento e a preservación de especies únicas.

A maior riqueza ecolóxica atópase no espazo marítimo pola grande diversidade de biotopos (áreas de costa rochosa e areosa, tanto exposta como protexida) e pola cantidade e variedade de especies que se atopan neles. Os fondos mariños das illas son importantes áreas de cría de peixes e mariscos, polo que actúan como reserva biolóxica dos recursos pesqueiros e marisqueiros das zonas próximas.

Na illa do faro consérvanse os restos do mosteiro do Santo Estevo do século XVIII, na actualidade acondicionado como **centro de visitantes do parque Nacional**.

PROTECCIÓN:

-Forman parte do **Parque Nacional Illas Atlánticas** (3.091 ha, 433 ha terrestres e 2.658 ha mariñas).

-**Parque Natural** e LIC/ZEC "Illas Cíes".

-**Zona de Especial Protección para as Aves** (ZEPA)

-Están incluídas nos inventarios de **Áreas Importantes para a Herpetofauna Española** (Dirección Xeral de Conservación da Natureza, 2004) e de **Áreas Importantes para as Aves en España** (SEO/BirdLife, 1998).

-**OSPAR** (Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés "Illas Atlánticas de Galiza")

-**Puntos de Interese Xeolóxico** (IGME):

Illa de Monteagudo: Recheo würmiense da furna de Monteagudo; Praias fósiles de area e de cantos das Margaridas, do último período interglaciario; Morfoloxía tableada no granito de Punta Ferreiros; Duna fósil de Figueiras; Praia-duna-lagoa das Rodas, conglomerados cementados e rasa.

Illa do Faro: Pedra da Campá e derrubios de ladeira erosionados; Derrubios cementados do peirao de Carracido.

Illa de San Martiño: Praias e dunas actuais e fósiles de San Martiño; Praia fósil, derrubios e coluviós da enseada de Fornos

O acceso ás illas está restrinxido a un número máximo de 2.000 persoas diarias, máis 200 en grupos organizados con fins didácticos (no verán e Semana Santa) e no resto do ano 350. É preciso solicitar un permiso para visitalas.

So se poden percorrer con guía ou polos roteiros indicados, evitando as áreas de reserva integral ou de cría de aves.



Plinio e Ptolomeo referíronse ás CÍES como as Illas Siccas. Puideron formar parte das lendarias Casitérides dos Fenicios. Nelas refuxiáronse os irreductibles herminios, tribu galaica que resisteu á dominación romana das lexións de Xulio César.

O primeiro asentamento do que hai constancia data da Idade do Bronce (500 a 100 anos a c). Na illa do Medio foi excavado un castro nas ladeiras do monte Faro.

Durante a Idade Media (século XI) permaneceron alí un grupo de monxes en constante conflito cos piratas. Hai referencia a mosteiros na illa Sur e na do Medio. Consérvanse os restos do mosteiro do Santo Estevo do século XVIII que estivo ocupado polas ordes de Cluny, Beneditinos e Franciscanos. No século XVIII instálanse fábricas de salga sobre as ruínas do mosteiro da illa Sur (San Martiño).

Ata o século XIX non volveron a ter habitantes estables (en 1945 acadou os 50 habitantes e os últimos abandonáronas en 1970). Na actualidade só están ocupadas polos servizos do parque e os do camping e restaurantes.

A partir de 1960 comezaron a ser invadidas polo turismo.



As Illas Cíes desde Alcobre (Vigo)

PERCORRIDO

Hai 4 sendeiros sinalizados nas illas do Faro e Monteagudo, todos eles lineais: **Ruta do Monte do Faro** (3,5 km, de cor amarela); **Ruta do faro da Porta** (2,6 km, cor verde); **Ruta de Monteagudo** (2,5 km, cor vermella); e **Ruta do Alto do Príncipe** (1,7 km, cor azul). Pódense combinar e facer nunha única xornada botándolle moitas horas (uns 15 km en total).

ILLA DO FARO ou DO MEDIO:

Desde a caseta de información collemos o camiño de rodeiras de cemento que parte en dirección sur. Pasamos pola **praia de Rodas**, a **Lagoa dos Nenos** e o **Centro de Información**. Na primeira curva poderemos gozar das vistas da illa de San Martiño e da praia da Nosa Señora. A media subida podemos achegarnos á **Pedra da Campá** ou ao **observatorio de aves**, desde onde podemos contemplar as zonas de cría da gaivota patiamarela e do corvo mariño cristado e de espectaculares vistas da costa das illas. De volta no camiño principal, seguimos ascendendo ata o cume onde se atopa o **faro** e desde onde hai fermosas panorámicas das illas.

Para volver podemos enlazar coa ruta do **faro da Porta**, desde onde hai vistas da **Furna da Porta**, do **monte Faro** e da **Illa de San Martiño**. Logo volvemos seguindo a costa e pasamos polo **embarcadoiro de Carracido**, e podemos ver a **praia da Nosa Señora**, o illote ou **penela dos Viños** e a **punta das Vellas** e volvemos polo camiño ata o punto de partida ou, se a marea o permite, baixamos pola praia.

ILLA DE MONTEAGUDO ou do NORTE

Desde a caseta de información collemos a pista que comeza á dereita da mesma. Á nosa dereita temos o **complexo dunar de Figueiras-Muxieiro**, e máis adiante o camiño de acceso á **praia das Figueiras**. De volta á pista forestal, seguimos ascendendo ata chegar ao cruce principal da illa de Monteagudo, Ao chegarmos ao cruzamento principal da illa seguimos o sendeiro que continúa cara ao norte e ímonos achegándonos ao pé do **Alto de Monteagudo** (zona de reserva). No cruce collemos o camiño da esquerda que, nos leva ata o **observatorio de aves**. Logo retrocedemos un pouco e descendemos ata o **faro do Peito**. Se seguimos a pista de pedra que parte desde o faro, podemos achegarnos ata unha **furna**. Volvemos polo carreiro que abeira o litoral desde o que podemos ver a **Costa de Cantareira** e a **Punta Muxieiro**. No camiño de volta atopamos o desvío da **Ruta do Alto do Príncipe**, que nos leva ata **A Cadeira da Raiña**, unha curiosa formación rochosa que é un dos máis fermosos miradoiros das illas.



Á dereita da imaxe a península do Muxieiro, na que se asenta o porto. Con pequenas praias e un sistema dunar (Figueiras-Muxieiro) moi importante, tanto pola súa extensión como polo seu estado de conservación. Nel poden observarse desde as primeiras fronteiras de dunas móbiles ata as máis estabilizadas, e ofrece unha magnífica representación de especies animais e vexetais adaptadas ás duras condicións ambientais deste hábitat. Destacan o tomelo bravo (*Helichrysum picardii* var. *viresceis*), a camariña (*Corema album*), e a escasísima herba de namorar (*Armeria pungens*), unha especie rara na costa galega.



4-Area das Figueiras. Lugar de Interesse Xeolóxico que acolle unha praia e dunas fósiles



Costa leste da Illa de Monteagudo



7-Punta do Ferreiro. Praia das Margaridas.



9-Punta do Peito e faro.



Punta do Peito



9-Vista desde a punta do Peito cara ao norte

Cabezo do Vapor, Furna de Marín, punta Escudelo e punta do cabalo do Norte.







17-Punta do Príncipe de Avante e Miradoiro do Alto do Príncipe. As illas Norte e do Faro están unidas por un istmo de area (praia das Rodas) e un pequeno dique entre os que se forma unha lagoa mareal.



No Miradoiro do Alto do Príncipe hai unha boa mostra da erosión dos granitos formando pías ecacholas.



Cantil da Punta do Príncipe



Vista da illa Norte ou do Monteagudo desde a illa Sur ou do Faro



Cantís da illa do Monteagudo



18-21-Enseada do Lago. Boca do Lago. Illote Pinela de Carabelos. Punta Fornaca das Bogas e Enseada das Herbas.



21-Enseada do Sino




Cantís da cara exterior das illa do Faro e de Monteagudo




Pedra da Campá na illa do Faro, unha rocha perforada pola forza erosiva dos ventos atlánticos cargados de salitre. Esta formación xunto cos derrubios de ladeira erosionados están catalogado como Lugar de Interese Xeolóxico.



23-Punta do Ruzo e Monte do Faro



Cantís do Ruzo



25-Faro de Cíes



26-Punta Canaval (O Con do Canabal)



Faro da Porta ou do Príncipe




27-Punta de Carnacido



28-Peirao do Príncipe ou de Carnacido. Aquí hai outro Punto de Interese Xeolóxico: "Derrubios cementados do peirao de Carnacido" herdanza dunha etapa fría do pasado máximo glaciar.



29-Area da Nosa Señora as Pedras dos Canóns e Illa dos Viños.



Areas dos Bolos e punta das Vellas



Vista leste da illa do Faro



Vista leste das illas do Faro e Monteagudo, coa praia das Rodas no primeiro plano, entre a punta das Vellas e a punta Muxieiro.




31-Area das Rodas. Lagoa dos Nenos.

Unha das zonas de maior interese e fragilidade do Parque Nacional. Está delimitada polo dique, unha estrutura artificial construída a finais do século XIX para facilitar a comunicación entre as dúas illas (a raíz da instalación de varias fábricas de salgadura e dun viveiro de marisco na propia lagoa). O dique e as rochas protexen a lagoa e regulan a entradas da auga mariña. A escasa profundidade, tranquilidade e maior temperatura da auga fan da lagoa un lugar ideal para refuxio e cría de multitude de especies: sargos, muxes, sabogas, douradas, robalizas, maragotas... Están catalogado como Lugar de Interese Xeolóxico "**Praia-duna-lagoa das Rodas, conglomerados cementados e rasa**". Nas dunas situadas ao norte da praia das Rodas poden verse exemplos de cubetas de deflación eólica. Ao norte da lagoa hai unha praia fósil de cantos e ao sur unha pequena plataforma de abrasión indicativas do nivel do mar durante el último periodo interglaciar, superior ao actual.



ILLA DE SAN MARTIÑO. Vista Sur.



39-Cabo dos Bicos e faro.



O BOEIRO

O antigo bosque de rebolo das illas (*Quercus pyrenaica*) foi substituído por eucaliptos, piñeiros bravos e piñeiros de Monterrei. Unha boa parte dos montes costeiros cantís está ocupada por un denso mato de toxos xunto con breixos, anxélicas, xestas, queirugas, silvas, fentos, carpazas... Nos cantís hai herba de namorar, pirixel do mar, fento mariño, colexas... e nas dunas feo, eiruga mariña, correola das praias, leiteira, alhelí, cebola das gaivotas... Nos fondos mariños e nas rochas hai unha grande diversidade de algas. Destaca a presenza dunha importante poboación de camariñas (*Corema album*) as únicas do Sur de Galiza e *Armeria pungens*.



A **camariña** (*Corema album*) é unha especie única do litoral occidental Ibérico e das Illas Azores que se atopa en perigo de extinción. Nas dunas das Cíes atópanse a única poboación do sur de Galiza.



Armeria pungens

Nos cantís crían gaivotas patiamarelas e corvos mariños. No mar pódense ver mascatos, corvos mariños reais, aaos romeiros, pardelas, gaivotas choronas, carráns. En terra hai corvos, pombos e unha ampla variedade de paxaros, cobras de escada, lagartos, esgonzos, bolboretas, escaravellos... A fauna mariña é dunha gran diversidade, en especial especies de fondos rochosos.



Ourizos

Na costa rochosa exposta o mar bate sen descanso. Nestes hábitats viven seres que desenvolven mecanismos para resistir os movementos do mar e o constante choque das ondas. As algas suxeitanse fortemente as pedras e déixanse mover ondeando os seus talos e frondes flexibles, ou desenvólvense apegadas ás pedras e nas pozas. Os animais agóchanse nas fendas e pozas das rochas, entre as algas ou fíxanse ás rochas con dististos mecanismos.



Gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) con polos duns poucos días. O máis destacado da fauna terrestre das Cíes son as aves mariñas sobre todo as gaivotas (22.000 parellas, a colonia máis grande do mundo), e os corvos mariños cristados (a colonia máis importante do suroeste de Europa cunhas 1.000 parellas).



Corvos mariños cristados (*Phalacrocorax aristotelis*)